

Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Sementeiras													
Zonas: ámbito do plan													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Traslados													
Zonas: ámbito do plan													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Rareos													
Zonas: ámbito do plan													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Limpezas e arados													
Zonas: ámbito do plan													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Outros													
Control de depredadores (cangrexo dormilón, e gasterópodos perforadores) mediante nasas													

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Aceptase a inclusión de zonas de libre marisqueo traballadas tradicionalmente polos mariscadores de flote da confraría de A Illa (dende Punta Arruda hacia o norte ata Sapeiras de Terra) e xestionadas como se fose unha única zona coas autorizacións

A proposta de ampliación de participantes no plan de explotación non se acepta, posto que de acordo co establecido na disposición transitoria terceira da Orde de 26 de outubro de 2004, pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que faenen en augas da Comunidade Autónoma de Galicia, *dado o esforzo pesqueiro existente na actualidade sobre as diversas especies de moluscos bivalvos, non se poderán incrementar, ata que se dispoña o contrario, o raño, a gancha e o angazo, cos que habitualmente se ven exercendo o marisqueo dende embarcación.* En data 12.11.2007 non hai embarcacións asociadas a OPP20 coa arte de libre marisqueo ás que lle puidera conceder o marisqueo Z3, e o resto as embarcacións que perderon a arte de marisqueo procedentes doutra rías, estarían condicionadas pola disposición transitoria mencionada.

En relación coas condicións de acceso ao plan de explotación, dubidamos da legalidade dalgunhas delas, así o ter que abonar unha cantidade para poder traballar nas zonas de autorización, no caso de non vender na lonxa de A Illa ou vender de forma ocasional, non se entende posto que segundo o establecido no artigo 10º do Decreto 419/1993, modificado polo Decreto 101/2006, efectuada a descarga procederase á venda na lonxa ou centra de venda do porto de descarga. No obstante si o propietario das especies descargadas decide vender estas nunha lonxa distinta a do porto de descarga, poderá facer o transporte de ditas especies por vía terrestre ata a lonxa de destino, coa previa obtención da guía de descarga. Por outra banda as organizacións de produtores pesqueiros como é o caso da O.P.P 20 poden impoñer normas de comercialización aos seus asociados, de acordo co establecido nos seus estatuto, polo que non se entende a medida de condicionar a actividade extractiva á comercializar na lonxa de A Illa. Estas normas deberían ser revisadas en colaboración coa axente de extensión. Os traballos de semicultivo polas embarcacións do plan non poderá realizarse en sábados e domingos, dado que debe respectarse o descanso semanal establecido no Decreto 419/1993, de 17 de decembro.

Considerase necesario lembrar á entidade que cando se pretenda realizala inmersión de

especies procedentes de un establecimiento de cultivos mariños (criadoiro/batea), para continuar o seu engorde (batea/praiá), deberán solicitar a esta delegación territorial, o correspondente documento de transporte e un permiso de inmersión.

Recomendacións realizadas, de acordo cos informes técnicos, para a mellora do plan:

- Detallar a organización do punto de control e os traballos de semicultivo.
- Presentar o plan financeiro.

Para a explotación do reló deberá seguirse o “Protocolo para a apertura do reloxo nos bancos marisqueiros”.

*